SINÓNIMOS

***[Synonymes*, Nadav Lapid, 2019, 123’]**

Dirección **Nadav Lapid**
Guión **Nadav e Haïm Lapid**
Montaxe **Era Lapid, François Gédigier, Neta Braun**
Fotografía **Shaï Goldman**
Son **Marina Kertész, Sandy Notarianni, Christophe Vingtrinier**
Elenco **Tom Mercier, Quentin Dolmaire, Louise Chevillotte**
Produción **Saïd Ben Saïd & Michel Merkt – SBS Films**
Distribución **Good Films**

Yoav, un mozo israelí, marcha a París coa esperanza de que Francia e a sociedade francesa o salven da tolemia do seu país. Nada máis chegar á cidade, Yoav queda literalmente nu, sen posesións nin identidade. Renace así dende cero, renegando de Israel e mais do hebreo, e establece unha intricada e sensual relación cos seus benefactores Émile e Caroline.

Cunha posta en escena enérxica e corporal, e unha visión implacable sobre a violencia estatal israelí, Nadav Lapid gañou con esta historia autobiográfica de morte e resurrección o Oso de Ouro na Berlinale de 2019. O Festival de Cinema Europeo de Sevilla recoñeceu a Lapid co Premio á Mellor Dirección, «pola súa enerxía, a procura de novas posibilidades de linguaxe cinematográfica e un cruzamento moi orixinal entre identidade lingüística e persoal».

VINDEIRAS SESIÓNS /// SETEMBRO

LUNS 28.9.2020 ás 20:30 h
THE BLOT (LOIS WEBER, 1921, EE UU, 61’)

MARTES 29.3.2020 ás 20:30 h
A CINSA É O BRANCO MÁIS PURO (JIA ZHANGKE, 2018, CHINA, 135’)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#125
22.9.2020

SINÓNIMOS

NADAV LAPID

CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA CON NADAV LAPID

***Sinónimos* inspirouse na súa estancia en París a principios da década dos 2000. Que pode contarnos sobre ese intre da súa vida?** Dezaoito meses despois de completar o meu servizo militar, comecei a estudar filosofía na Universidade de Tel Aviv. Daquela o cinema non me interesaba especialmente e a miña vida en xeral era fermosa. Un día, coma quen escoita unha voz da nada, coma Jeanne D'Arc ou Abraham, decateime de que tiña que abandonar Israel. Vaite neste momento, inmediatamente e para sempre. Desarraigarme do país, salvarme dun destino israelí. Dez días despois aterrei no aeroporto Charles-De-Gaulle. Escollín Francia pola miña admiración por Napoleón, pola miña paixón por Zidane e por un par de filmes de Godard que vira dous meses antes. Falaba un francés básico, non tiña nin permiso nin visado, e non coñecía a ninguén. Mais estaba decidido a non volver atrás. A vivir e morrer en París. Negueime a falar hebreo. Cortei todos os lazos cos israelís. Dediqueime por completo á lectura obsesiva dun dicionario de francés e a algúns traballos estraños para saír adiante. Vivín na pobreza e na soidade. Contei cada centavo. Comín a mesma comida a diario, a máis simple e barata que se me ocorría. Un día fixen un amigo, francés, o mellor que tiven. Desenvolveuse un forte vencello entre nós, malia —e se cadra pola— nosa disparidade social, cultural e mental. Para min, el era o mellor francés, a quen quería asemellarme con todo o meu corazón, ao tempo que quería, coa miña megalomanía napoleónica e adolescente, superalo e sometelo.

A obsesión de Yoav de reprimir o seu pasado israelí e converterse en francés maniféstase principalmente a través da linguaxe. Coido que a linguaxe é o máis intrínseco que temos que podemos cambiar. É difícil cambiar os nosos corpos. O pasado non pode ser cambiado. O corpo de Yoav contén o seu pasado. Contén a súa natureza esencial, que desexa decapitar. Lémbrome dese intre marmurando palabras en francés coma unha oración. O idioma francés foi a miña redención. A medida que pasa o tempo, Yoav enfróntase á desconexión entre a súa fantasía de identidade francesa e a vida real. Decátase de que todo podería rematar como comezou, nunha porta pechada. Os seus intentos de evitar ese abismo fan que a súa linguaxe se torne cada vez máis radical. Radical no sentido dun apego desesperado ás palabras, sílabas, dicción e sons do francés. A esa oración francesa. As palabras vólvense máis importantes cás oracións ou o contexto. Rebélanse contra o seu significado. Esta é unha etapa característica nun colapso.

En termos estéticos, as escenas de rúa e a cámara a tremer que acompaña a Yoav, mudando dun punto de vista subxectivo a un punto de vista externo, expresan unha desorientación con respecto á realidade... Segundo o expresado polo slogan da pintura expresionista alemá —pintar non o automóbil que pasa, senón a sensación que experimenta ao pasar—, o meu filme intenta non filmar vistas de París, senón sentimentos experimentados por Yoav ou por min mesmo ao camiñar pola cidade. A mirada de Yoav é a da persoa que non quere ver. Ao comezo do filme négase a mirar cara a arriba para ver o Sena porque procura outro París auténtico, íntimo, non turístico. Está buscando a cidade que sente ou sente sen mirar, sen usar os ollos, cando a súa cabeza está inclinada cara á beirarrúa e a súa boca emite un fluxo constante de sinónimos. Como filmas unha mirada que non mira a cidade? Ou mira de xeito distinto? Teño a sensación de que Yoav quere crear o seu propio París, á espera de que algún día poida pertencer a el. Tamén é un intento pola miña parte para atopar o meu París, unha cidade filmada por tantos cineastas franceses e estranxeiros. Os planos dos paseos de Yoav filmáronse cunha cámara pequena, barata, case primitiva e un pequeno equipo: actor, cámara, sonidista e eu mesmo. Esa intimidade permitiunos sentir realmente as cousas. Quería que eses sentimentos, eses tremores, se sentisen tamén polo corpo da persoa que filmaba, eu ou o cámara, así como polo corpo da cámara mesma. Non hai razón para filmar un home que treme dun xeito cadrado e estable. Pola contra, debes tremer con el. Se, neses intres, o cinema é tamén movemento, coreografía, non hai razón para que a cámara non baile tamén.

Tom Mercier, quen interpreta a Yoav, é unha verdadeira revelación... Tom estaba na escola de teatro cando veu a unha audición para *Sinónimos*. Foi realmente unha experiencia extraordinaria. Cando Tom saíu da sala cancelamos o resto de audicións do día, simplemente precisabamos tomar un café e pensar no que acababamos de ver. Non necesariamente pola calidade da súa actuación, senón pola súa presenza, unha asombrosa combinación de total liberdade e atención case obsesiva aos detalles. Era unha mestura salvaxe, brutal, violenta, sensible e volátil. Cun aspecto lúdico, vulnerable e carismático. E unha sexualidade que é imposible de catalogar. Polo xeral, logo dunha audición, os actores tratan de contactar o director ou ben manteñen a distancia para protexérense. Logo de Tom facer cousas estrañas, liberadas, salvaxes, ao rematar a audición simplemente dixo *shalom* e marchou. É o actor máis inmediato e xenuíno que coñecín. Non é máis ca verdade. Pasou polo mesmo proceso ca min cando estaba en París, á mesma idade. Aprendeu francés ao mergullarse totalmente no idioma. Mudouse a París e separouse completamente de Israel. Un ano despois da rodaxe, continúa a vivir en Francia. A súa gran creatividade, sinceridade e inventiva inspiráronme moita liberdade e vitalidade no set. Permitiume xirar cara ao imprevisto, o inesperado, o salvaxe.

Texto tirado de www.goodfilms.es. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.